



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Expediente núm.: 2025/T016/000001

Procedemento: Plan Económico-Financeiro (PEF) derivado da Liquidación do orzamento 2024

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE LOUSAME 2025-2026

ÍNDICE

- I. Introducción
- II. Contido e tramitación
- III. Diagnose económica-financeira.
 - a. Análise da estrutura económica do municipio: ingresos e gastos
 - b. Análise das principais variables financeiras
 - c. Conclusións e causas do incumprimento

1

PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2025 - 2026

- A.** Obxectivos
- B.** Previsión tendencial: exercicios 2025 e 2026
 - a. Consideracións Previas
 - b. Causas, diagnose e previsión temporal
 - c. Medidas: Descrición, cuantificación e calendario
 - d. Conclusións e obxectivos
- C.** Resumo



I. Introducción

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

Entenderase por Estabilidade Orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberase cumprir co principio de Sustentabilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido na Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente, avaliarase o cumprimento da Regra do Gasto, para os efectos que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Facenda.

Mediante Resolución de Alcaldía número 98/2025 do 27.02.2025 apróbase a Liquidación do orzamento municipal 2024, onde se pon de manifesto o incumprimento da regra do gasto.

Este feito implica a necesaria formulación dun Plan Económico-Financeiro que permita, no ano en curso e no seguinte, o cumprimento da regra do gasto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF.

II. Contido e tramitación

De acordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, da regra do gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.



- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extra-orzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe a que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

O Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses desde a presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses.


III. Diagnose económica-financeira

a. Análise da estrutura económica do municipio: ingresos e gastos.

Para levar a cabo o estudo da estrutura económica do Concello de Lousame, analizaranse os datos extraídos das últimas tres liquidacións orzamentarias aprobadas (exercicio 2022, 2023 e 2024); xa que a análise dos tres últimos anos permitirá obter a información necesaria para determinar, no seu caso, as causas que provocaron o incumprimento da variable *regra do gasto* na liquidación do orzamento do exercicio 2024.

a.1 Ingresos.

C.	Denominación	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023			LIQUIDACIÓN 2024		
		DRN	DRN	Variación con 2022		DRN	Variación con 2023	
1	Impostos directos	601.864,23	588.922,30	-12.941,93	-2,15%	648.860,75	59.938,45	10,18%
2	Impostos indirectos	21.781,45	45.739,04	23.957,59	109,99%	226.622,30	180.883,26	395,47%
3	Taxas e outros ingresos	338.679,94	338.602,71	-77,23	-0,02%	360.481,48	21.878,77	6,46%
4	Transferencias correntes	1.885.211,77	2.124.432,52	239.220,75	12,69%	2.323.712,29	199.279,77	9,38%
5	Ingresos patrimoniais	1430	1.690,00	260,00	18,18%	1.560,00	-130,00	-7,69%
6	Alleamento de investimentos							
7	Transferencias de capital	657.029,63	658.445,61	1.415,98	0,22%	494.695,27	-163.750,34	-24,87%
8	Activos financeiros							
9	Pasivos financeiros	0,00	237.158,24	237.158,24		43.997,78	-193.160,46	-81,45%
TOTAIS		3.505.997,02	3.994.990,42	488.993,40	13,95%	4.099.929,87	1.330.816,59	2,63%



O total dos recursos liquidados deste Concello, que no último ano liquidado (2024) situouse en 4.099.929,87 €, experimentou un aumento ao longo do período obxecto de análise, cifrado en 593.932,85 € (16,94 %)

O capítulo de ingresos máis importante é o 4, “Transferencias Correntes”, pois representa o 56,68 % do total dos ingresos do municipio no último ano liquidado (2024).

4


Neste capítulo inclúense os ingresos de natureza non tributaria, percibidos polo Concello sen contraprestación directa por parte dos mesmos e destinados a financiar operacións correntes; que no exercicio 2024 alcanzou a contía de 2.323.712,29 €.

Unha parte destes ingresos correspóndense coas transferencias do Estado (concepto 420.00, Participación nos Tributos do Estado, por importe de 889.192,48 €) e coas transferencias da Comunidade Autónoma (concepto 450.01, Fondo de Cooperación Local, por importe de 254.549,71 €). A parte restante supón a concesión de subvencións ao Concello de Lousame, por parte doutras Administracións Públicas, para financiar operacións correntes.



a.2 Gastos.

C.	Denominación	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023			LIQUIDACIÓN 2024		
		ORN	ORN	Variación con 2022		ORN	Variación con 2023	
1	Gastos de persoal	1.088.081,93	1.216.820,82	128.738,89	11,83%	1.268.667,48	51.846,66	4,26%
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.390.015,99	1.532.933,54	142.917,55	10,28%	1.587.431,58	54.498,04	3,56%
3	Gastos financeiros	6.263,43	4.476,69	-1.786,74	-28,53%	2.890,04	-1.586,65	-35,44%
4	Transferencias correntes	230.041,74	231.193,62	1.151,88	0,50%	218.656,92	-12.536,70	-5,42%
5	Fondo Continxencia							
6	Inversións reais	724.445,79	591.554,53	-132.891,26	-18,34%	1.044.907,49	453.352,96	76,64%
7	Transferencias de capital	20.118,16		-20.118,16	-100,00%			
8	Activos financeiros							
9	Pasivos financeiros	18.926,56	63.571,55	44.644,99	235,89%	82.177,39	18.605,84	29,27%
TOTALS		3.477.893,60	3.640.550,75	162.657,15	4,68%	4.204.730,90	1.330.816,59	15,50%



O total das obrigas recoñecidas polo Concello, que no último ano liquidado (2024) situouse en 4.204.730,90 €, experimentou un aumento ao longo do período obxecto de análise, cifrado en 726.837,30 €, acumulando un incremento do 20,90 %.

O capítulo de gastos máis importante é o 2, “Gastos en Bens Correntes e Servizos”, pois representa o 37,75 % do total dos gastos do municipio no último ano liquidado (2024); seguíndolle moi de cerca o capítulo 1, “Gastos de persoal”, que representa o 30,17% do total dos gastos no último ano liquidado (2024) e o capítulo 6 “Inversións reais”, que representa o 24,85 % do total dos gastos liquidados no exercicio 2024.



b. **Análise das principais variables financeiras.**

Para completar o estudo da estrutura económica do Concello de Lousame, analízase a evolución das principais variables financeiras nos tres últimos exercicios liquidados (2022, 2023 e 2024).

b.1 **Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.**

	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023		LIQUIDACIÓN 2024	
Remanente de Tesourería	Valor	Valor	Variación	Valor	Variación
+ Dereitos pendentes de cobro	795.380,56	786.164,78	-1,16%	865.958,97	10,15%
+ Do orzamento corrente	155.146,90	143.355,44	-7,60%	216.835,88	51,26%
+ De orzamentos pechados	606.219,74	608.624,76	0,40%	613.765,80	0,84%
+ Doutras operacións non orzamentarias	31.013,92	34.184,58	10,22%	35.357,29	3,43%
- Ingresos realizados pendentes de aplicación definitiva	244.787,44	51.626,98	-78,91%	23.651,60	-54,19%
- Obrigas pendentes de pago	169.421,59	128.750,31	-24,01%	192.982,80	49,89%
+ Do orzamento corrente	92.332,99	34.848,00	-62,26%	80.827,35	131,94%
+ De orzamentos pechados	840,00	840,00	0,00%	840,00	0,00%
+ Doutras operacións non orzamentarias	76.248,60	93.062,31	22,05%	111.315,45	19,61%
- Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	5.835,94	5.517,84	-5,45%	5.517,84	0,00%
+ Fondos líquidos de Tesouraría	369.177,94	499.319,75	35,25%	350.981,64	-29,71%
= REMANENTE DE TESOURARÍA	756.185,41	1.110.625,08	46,87%	1.005.824,05	-9,44%
- Saldo de dubidoso cobro	578.153,00	591.505,55	2,31%	594.517,20	0,51%
- Exceso de financiamento afectado	38.076,30	254.857,19	569,33%	144.879,91	-43,15%
= REMANENTE PARA GASTOS XERAIS	139.956,11	264.262,34	88,82%	266.426,94	0,82%
% Sobre ingresos correntes	4,91%	8,53%		7,48%	

O Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (RTGX) é un indicador da liquidez da entidade local. Cando amosa valores positivos é un excedente financeiro acumulado, dispoñible para financiar gastos de exercicios futuros.

O pendente de cobro de corrente aumenta considerablemente no exercicio 2024, alcanzando os 216.835,88 €. Isto é debido fundamentalmente á existencia de subvencións doutras Administracións Públicas, nas que se recoñeceu o dereito ao cobro, por terse efectuado e xustificado o gasto afectado, sen que ao final do exercicio se tivese producido o ingreso material nas arcas municipais.



b.2 Aforro Neto.

AFORRO NETO	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023	LIQUIDACIÓN 2024
ING 1 a 5 – ingresos extraordinarios	2.807.085,81	2.900.464,89	3.119.400,84
GASTOS 1, 2, 4	2.708.139,66	2.980.947,98	3.074.755,98
OR financiadas con RLTGX (1, 2, 4) E AXUSTES	128.148,71	297.997,38	257.589,92
ANUALIDADE TEÓRICA	119.675,63	125.675,35	125.675,35
	107.419,23	91.838,94	176.559,43

O aforro neto é unha das magnitudes a ter en conta pola súa relevancia, tanto en materia de autorización de endebedamento, como por reflectir a capacidade de xerar recursos correntes tanto para novo endebedamento como para acometer investimentos.

O Concello de Lousame presentou un aforro neto positivo nos últimos tres exercicios liquidados. No exercicio 2024 alcanzou a cifra de 176.559,43 €, que supón un 5,66 % dos seus ingresos correntes.

b.3 Carga Financeira.

CARGA FINANCEIRA	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023	LIQUIDACIÓN 2024
Carga financeira (OR capítulo 3 + 9)	25.189,99	68.048,24	85.067,43
ING 1 a 5 - extraordinarios	2.807.085,81	2.900.464,89	3.119.400,84
	0,90%	2,34%	2,73%

A carga financeira dunha entidade local está constituída pola suma dos gastos financeiros (OR do capítulo 3 do Estado de Gastos) e a amortización de capital (OR do capítulo 9 do Estado de Gastos), referida aos préstamos a longo prazo formalizados e pendentes de reembolso. É dicir, corresponde á contía á que ten que facer fronte a entidade para pagar o principal e os xuros dos seus préstamos. Así, amosa a porcentaxe dos ingresos correntes do Concello que son destinados a cubrir gastos financeiros da entidade.

Valores superiores ao 25% limitan a concertación de operacións de préstamo para gastos correntes, necesarios e urxentes, e para financiar Remanentes de Tesourería Negativos (artigo 177.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).



b.4 Endebedamento.

b.4.1 Débeda financeira.

O endebedamento financeiro bancario (con entidades de crédito do sector privado) mantivo unha senda de redución até a súa total eliminación no exercicio 2018.

Este endebedamento co sector privado, foi substituído por préstamos concedidos pola Excm. Deputación da Coruña, a un tipo de xuro do 0%, polo que os gastos financeiros vinculados a estas operacións foron minorados. O destino dos préstamos provinciais foi dobre: por unha banda redución das operacións de endebedamento a longo prazo con entidades de crédito do sector privado; por outra banda, a realización de investimentos.

Por outra banda, no ano 2022 e 2023 o Concello de Lousame acolleuse ao Fondo de cooperación, financiado polo IGVS, que supuxo a concesión de dous préstamos ao Concello de Lousame, para financiar diferentes investimentos, a un tipo de xuro do 0%.

O préstamos concedidos pola Excm. Deputación da Coruña e polo IGVS, non computan a efectos do Procedemento de Déficit Excesivo (PDE) ao tratarse de obrigas representadas por activos financeiros en mans dunha Administración Pública.

8

A evolución do endebedamento co sector privado e co sector público nos últimos tres exercicios con liquidación aprobada é o seguinte:

Liquidación	Endebedamento co sector privado	Endebedamento co sector público (Préstamos Provinciais e Autonómicos)	Total débeda viva a 31/12
2022	0,00	1.137.466,79	1.137.466,79
2023	0,00	1.151.819,79	1.151.819,79
2024	0,00	1.080.890,38	1.080.890,38

b.4.2 Débeda comercial.

Respecto á débeda comercial, a evolución do Período Medio de Pagamento nos últimos tres exercicios con liquidación aprobada é o seguinte:



Exercicio	1T	2T	3T	4T	Media PMP
2022	36,10	18,88	11,61	24,44	22,76
2023	45,19	41,42	18,45	21,48	31,64
2024	40,99	36,49	12,32	12,53	25,58

A evolución do PMP foi positiva ao longo do período obxecto de análise, situándose na senda do cumprimento a partires do 2T de cada un dos exercicios.

b.5 Estabilidade Orzamentaria.

En relación á estabilidade orzamentaria, o seu comportamento nos últimos tres exercicios con liquidación aprobada é o seguinte:

Exercicio	Ingresos non Finaceiros (Cap. 1 a 7 do EI)	Gastos non Finaceiros (Cap. 1 a 7 do EG)	Axustes SEC	Capacidade (+) ou Necesidade (-) de financiamento
2022	3.505.997,02	3.458.967,04	-129.013,15	-81.983,17
2023	3.757.832,18	3.576.979,20	140.419,01	321.271,99
2024	4.055.932,09	4.122.553,51	93.602,91	26.981,49

9

Polo tanto verificouse o cumprimento da estabilidade orzamentaria nos últimos dous exercicios liquidados.

b.6 Regra do Gasto.

O obxectivo da Regra do Gasto non foi cumprido con ocasión da liquidación do orzamento do 2024.

Por este motivo, realizarase un estudo e análise da evolución da regra do gasto nos últimos tres exercicios liquidados que permitirá obter a información necesaria para determinar as causas que provocaron o seu incumprimento.

Exercicio	Gasto computable liquidación 2021	GC 2021 x TRCPIB para 2022	Aumentos/ Diminucións por cambios normativos	Gasto en IFS	Límite Regra do Gasto para 2022	Gasto computable que deriva da Liquidación do 2022	Diferenza
2022	1.991.800,08	Suspensión Regras Fiscais	0,00	0,00	Suspensión Regras Fiscais	1.855.396,82	-136.403,26 -6,85%



Exercicio	Gasto computable liquidación 2022	GC 2022 x TRCPIB para 2023	Aumentos/ Diminucións por cambios normativos	Gasto en IFS	Límite Regra do Gasto para 2023	Gasto computable que deriva da Liquidación do 2023	Diferenza
2023	1.855.396,82	Suspensión Regras Fiscais	0,00	0,00	Suspensión Regras Fiscais	1.796.523,14	-58.873,68 -3,17%

Exercicio	Gasto computable liquidación 2023	GC 2023 x TRCPIB para 2024 (2,6%)	Aumentos/ Diminucións por cambios normativos	Gasto en IFS	Límite Regra do Gasto para 2024	Gasto computable que deriva da Liquidación do 2024	Diferenza
2024	1.796.523,14	1.843.232,74	0,00	0,00	1.843.232,74	2.327.507,93	484.275,19 29,56%

Causas do incumprimento da Regra do Gasto na liquidación do 2024:

b.6.1 Utilización do RLTGX ou RLTGFA para financiar OR (e imposibilidade de aplicar o axuste de IFS)

Cando se emprega o RLTGX ou RLTGFA, para financiar unha modificación orzamentaria, e incrementar o orzamento de gastos, a execución deses créditos implica un incremento do gasto computable que se calculou no momento da aprobación do orzamento.

Se algún deses investimentos puidera ter a consideración de “Investimento Financeiramente sostible”, as OR poderían ser obxecto de axuste e non computarían no cálculo do gasto computable do exercicio. Pero a SGFAL (*Secretaría General de Financiación Autonómica y Local*) entende que, ao estar suspendidas as regras fiscais no exercicio 2023, non é posible destinar o superávit derivado da liquidación do ano 2023 a IFS. Polo que é imposible efectuar axuste ningún que minore o gasto computable.

No exercicio 2024 utilizouse o RLTGX ou RLTGFA para financiar as seguintes OR que non teñen a consideración de IFS, e polo tanto computan aos efectos do cálculo da regra do gasto:

PG	Denominación	RLT que financia	Tipo de Modificación Orzamentaria	OR financiadas
15.23	Mellora de Viario en Cruído	RLTGX	Incorporación obrigatoria de remanentes	31.103,82
	Subvencións a Asociacións en AD a 31.12.2023	RLTGX	Incorporación de remanentes	12.578,10
16.23	MC 5/2024	RLTGX	Crédito Extraordinario financiado con RLTGX para diversas finalidades: pago	115.814,97



			facturas sen crédito e achega municipal 2024 EDAR	
16.23	MC 18/2024	RLTGX	Crédito Extraordinario financiado con RLTGX para achega municipal adicional 2024 EDAR	100.000,00
Total				259.496,89

A Regra do Gasto vese afectada do seguinte xeito:

→ Incorporación de remanentes de crédito financiados con RLTGX e/ou RLTGFA:

O artigo 47 do RD 500/1990 establece que os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente. O gasto con financiamento afectado (GFA) é aquela unidade de gasto orzamentario que se financia, en todo ou en parte, mediante recursos concretos que, no caso de non ser percibidos, o gasto orzamentario non poderían realizarse. Cada gasto con financiación afectada constitúe un todo único, integrado por un conxunto de previsións, independentemente do número de exercicios orzamentarios aos que se estenda. O seu seguimento contable debe comprender a totalidade do período de execución, independentemente do número de períodos contables que inclúa. Pódese dicir que os gastos con financiamento afectado constitúen unha excepción ao principio de anualidade orzamentaria.

11

Así, se ao final do exercicio orzamentario existe unha desviación de financiación positiva (os ingresos afectados superaron aos que correspondían en función do gasto efectivamente realizado) debe procederse á súa incorporación obrigatoria ao exercicio seguinte, porque do contrario non se estarían destinando os ingresos finalistas á financiación da unidade de gasto á que están afectados.

Ante esta situación, como sostén SÁNCHEZ RUBIO (*"Sobre los efectos de la incorporación de remanentes de crédito en la estabilidad presupuestaria"*) preséntase o seguinte paradoxo: a aprobación da incorporación de remanentes de crédito para GFA (que é obrigatoria) xera unha situación de inestabilidade e posiblemente, un incumprimento futuro da regra do gasto.

No mesmo sentido se pronunciou MILLÁN SANTANA (*"Los gastos con financiación afectada y la estabilidad presupuestaria"*) afirmando que as Administracións atópanse nunha tesitura paradoxal:

— Incorporar remanentes, cumprindo a normativa orzamentaria; pero incumprindo á súa vez a normativa de estabilidade.



- Non incorporar remanentes para non superar os límites da estabilidade orzamentaria e regra do gasto; pero incumprindo a normativa orzamentaria e orixinando importantes problemas de xestión.

Para este autor, a actual regulación resulta incongruente; do mesmo xeito que resulta incongruente o argumento esgrimido no seu día pola Dirección Xeral de Relacións Financeiras coas entidades locais do Ministerio de Economía e Facenda, segundo o cal, o que deberían facer as Entidades Locais, simplemente, é orzamentar mellor.

A pretensión da Dirección Xeral é unha utopía, xa que a execución dos proxectos de GFA non depende só da entidade local. A parte do gasto adoita depender, normalmente, da entidade local; pero a execución orzamentaria da parte do ingreso (normalmente unha subvención) depende da execución orzamentaria do ente que concede esa subvención e non da propia entidade local.

→ Modificacións de crédito cuantitativas financiadas con RLTGX:

Cando se emprega RLTGX para financiar unha modificación orzamentaria, o Remanente de Tesourería aparece reflectido no Capítulo 8 de Ingresos, como unha operación de carácter financeiro. Sen embargo, se o maior gasto que se autoriza é un gasto de natureza non financeira (capítulo 1 a 7 de gastos) dá lugar a un efecto negativo, tanto na estabilidade orzamentaria como na Regra do Gasto.

Non obstante, isto non ten outro significado económico que o consumo nun momento determinado dos aforros xerados pola propia entidade local de forma acumulativa, en base a unha política sostida de prudencia na planificación orzamentaria. Nada ten que ver coa apelación ao crédito público ou privado para o financiamento de investimentos; e sen embargo, na práctica, recibe un tratamento penalizador moi semellante.

Así, o axuste por utilizar o RLTGX non está contemplado no Manual da IGAE nin nas diferentes Guías elaboradas polo MINHAP para cumprir as obrigas de remisión de información.

O RLT é unha magnitude orzamentaria de carácter acumulado, definida pola doutrina como o aforro acumulado dunha entidade local; e como tal aforro, configura unha das súas fontes de financiamento de modificacións dos créditos iniciais do Orzamento.

Pero, seguindo o criterio da IGAE e do MINHAP, se non realizamos ningún axuste pola utilización do RLT, os gastos financiados con el xerarán un déficit en contabilidade nacional



e un incremento na regra do gasto. Así, ante a imposibilidade de poder realizar algún axuste no cálculo da estabilidade ou regra do gasto, a solución para non incorrer en incumprimento pasaría por non financiar gastos non financeiros. É dicir, só se poderían financiar operacións de carácter financeiro: amortización anticipada de débeda. No caso de non ter débeda que amortizar, a única opción sería non financiar gasto algún, e dispoñer dun aforro acumulado que non pode ser utilizado pola entidade local.

En conclusión, segundo a normativa de estabilidade orzamentaria, provocaría o mesmo déficit financiar un proxecto de gasto co aforro obtido grazas a unha boa xestión económico-financeira ou por obter un ingreso afectado que debe ser incorporado ao exercicio seguinte, que financeiro cunha operación de endebedamento que deberá ser reembolsada cos seus correspondentes xuros; producíndose unha equiparación entre dous conceptos financeiros tan antagónicos como son o aforro e o endebedamento.

b.6.2 **Investimentos executados no 2024 financiados co Préstamo Autonómico**

No exercicio 2024 recoñecéronse obrigas derivadas de investimentos financiados co Préstamo autonómico (Fondo de Cooperación concedido polo IGVS no ano 2022 e 2023) nas seguintes contías:

Proxecto de Gasto	Denominación	OR no exercicio 2024
21-23	Redución contaminación lumínica e mellora eficiencia enerxética alumeados públicos	36.226,44 €
22-23	Melloras no entorno da Igrexa San Xoan	62.327,52 €
23-23	Melloras no Lavadoiro de Meixonfrío	20.710,69 €
24-23	Melloras no Lavadoiro de Lesende	48.794,46 €
Total		168.059,11 €

Como estes investimentos non están financiados cunha subvención, senón cun préstamo autonómico (ingreso do capítulo 9, de carácter financeiro) non pode aplicarse o axuste no cálculo da Regra do Gasto de “gastos financiados con fondos finalistas” e polo tanto as OR financiadas cos préstamos provinciais supoñen un incremento do gasto computable en comparación co exercicio anterior.

b.6.3 **Menor axuste da conta 4130 a 31/12/2024**

A diferenza entre o saldo final e inicial da conta 4130 a 31/12/2024 arroxou un saldo negativo de -11.143,53 €; o que implicou un decremento do gasto computable nesa contía.



Pero se non existisen gastos devindicados no 2024 pendentes de aplicar ao final do exercicio, ese decremento do gasto computable sería maior, por importe de -79.670,92 €.

Así, o decremento en termos netos (sen ter en conta os -11.143,53 € que xa axustaron o gasto computable) sería de -68.527,39 €; no suposto de que non existisen gastos devindicados no 2024 e non aplicados nese exercicio.

b.6.4 Inexecución orzamentaria no 2023

Dos expedientes de Liquidación Orzamentaria dos exercicios 2022 e 2023, presentados na Oficina Virtual das Entidades Locais, extraíse os seguintes datos:

Gasto computable Liquidación 2022			1.855.396,82
Gasto computable Liquidación 2023			1.796.523,14
Diminución do gasto computable 2023 por inexecución orzamentaria no 2023			58.873,68
Gasto computable estimado 2023 sen inexecución orzamentaria	1.855.396,82	Gasto computable real na Liquidación 2023	1.796.523,14
Taxa referencia crecemento PIB 2024 (2,6%)	+ 48.240,32	Taxa referencia crecemento PIB 2024 (2,6%)	+46.709,60
Gasto computable estimado máximo 2024 incrementado pola TRCPIB	1.903.637,14	Gasto computable real máximo 2024 incrementado pola TRCPIB	1.843.232,74
Diminución do teito de gasto por inexecución orzamentaria no ano 2023			60.404,40

b.6.5 Incremento do gasto no exercicio 2024 en comparación co 2023, derivado de normativa de ámbito superior

No exercicio 2024 existiu un incremento obrigatorio do gasto computable, en comparación co exercicio 2023, provocado pola subida salarial dos empregados públicos, en virtude das medidas retributivas seguintes:

- Incremento do 0,5% adicional vinculado á evolución do PIB (en relación ás vixentes a 31/12/2022) das retribucións do persoal, aprobadas por Acordo do Consello de Ministros do 06/02/2024 (BOE do 08/02/2024), na aplicación do previsto no artigo 19.dous.2.b) da LOXE para o 2023. Este incremento adicional do 0,5%, fíxose efectivo na nómina do mes de febreiro do 2024. Deberon abonarse como atrasos, os importes correspondentes dende o mes de xaneiro do 2023 ao mes de xaneiro do 2024.
- Incremento das retribucións do persoal, relativo ao exercicio 2024, no cumprimento do compromiso pactado entre o Goberno e os sindicatos no “Acordo marco para unha Administración do século XXI”, asinado en outubro do 2022, no que se contemplaba



unha subida salarial para o conxunto dos tres anos seguintes de até un 9,5%. Este texto contempla para o ano 2024 un incremento salarial fixo do 2%, sobre a base das retribucións xa incrementadas no exercicio anterior (retribucións do 2023 = retribucións do 2022 + 2.5% + 0,5% + 0,5%). Ademais, prevíase un incremento adicional e consolidable do 0,5% con efectos dende o 1 de xaneiro do 2024. A actualización das retribucións previstas na LOXE 2023, co incremento retributivo do 2% para o ano 2024, foi aprobada grazas ao Real Decreto Lei 4/2024 do 26 de xuño. O incremento adicional do 0,5% no 2024, está pendente de aprobación.

CI 2024 vinculados ao incremento do 0,5% adicional 2023 + incrementos retributivos do ano 2024	38.651,36
% execución do capítulo 1	92,54 %
OR 2024 vinculadas ao incremento retributivo obrigatorio	35.767,97

c. **Conclusiones e causas do incumprimento.**

En resumo, o incumprimento da Regra do Gasto na liquidación do orzamento 2024 orixinouse, polas seguintes causas:

15

Motivos do incumprimento da Regra do Gasto	Incremento do Gasto Computable	Grao de relevancia
Modificacións de crédito financiadas con RLTGX ou RLTGFA	259.496,89	53,71 %
OR no 2024 financiadas con préstamo autonómico	168.059,11	34,79%
Déficit da minoración do gasto computable por axuste 413	68.527,39	14,18 %
Diminución teito de gasto por baixa execución orzamentaria 2023	60.404,40	12,50 %
Incremento obrigatorio do gasto computable (capítulo 1)	35.767,97	7,40 %

O Concello de Lousame, dende o ano 2022 até a actualidade, amosa unha tendencia positiva no cumprimento das seguintes regras fiscais: estabilidade orzamentaria, endebedamento público e período medio de pagamento.

En canto á Regra do Gasto, cumpriuse na liquidación do exercicio 2022 e 2023 (*no sentido de que o gasto computable foi menor que o da liquidación anterior*); verificándose, pola contra, un incumprimento na liquidación orzamentaria do exercicio 2024 e polos motivos expostos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PLAN ECONÓMICO FINANCIERO DO CONCELLO DE LOUSAME 2025-2026

A. Obxectivos

A liquidación do Orzamento 2024 do Concello de Lousame puxo de manifesto un incremento do gasto computable, provocado pola conxugación de diferentes variables:

- Modificacións de crédito financiadas con RLTGX e RLTGFA.
- Execución de proxectos de gasto financiados co préstamo autonómico (Fondo de Cooperación, concedido polo IGVS).
- Déficit da minoración do gasto computable por un menor axuste da conta 4130.
- Diminución do teito de gasto pola baixa execución orzamentaria no exercicio 2023.
- Incremento de gastos obrigatorios, por cambios normativos (capítulo 1) que implican un incremento do gasto computable.

16

Os obxectivos do Plan Económico-Financeiro buscan equilibrar e estabilizar o ente local no 2025 e 2026, dando cumprimento ao establecido na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

B. Previsión tendencial: exercicios 2025 e 2026

O Concello de Lousame, a partir dos datos da execución do actual orzamento de 2025, do grao de execución do orzamento do 2024 e dos programas e gastos que se teñen previsto executar no exercicio 2025 e 2026, elaborou unha estimación prudente de gastos e ingresos que marcan a previsión tendencial para o exercicio 2025 e 2026.

Esas estimacións, están plasmadas nun documento de traballo, que se remitiu para a súa consulta e valoración á *Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos* da *Consellería de Facenda* da Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter previo ao sometemento a aprobación deste Plan, e cuxos resultados se amosan a continuación:



1.- Consideracións Previas:

- Tipo de constatación
- ☒ Tras o peche da liquidación do exercicio anterior ao corrente
- ☐ Previsión de incumprimento no exercicio corrente
- Perímetro de consolidación

Exercicio 2025 e Exercicio 2026

2.- Causas, Diagnose e Previsión Temporal:

2.1 Estabilidade Orzamentaria:

ENTIDAD		Ejercicio 2024					
Código	Denominación	Tipo contabilidad	Ingresos no financieros	Gastos no financieros	Ajustes propia entidad	Ajustes por operaciones internas	Capacidad/necesidad financiación
11-15-042-AA-000	Lousame	Limitativa	4.055.932,09	4.122.553,51	93.602,91	0,00	26.981,49
	TOTALES		4.055.932,09	4.122.553,51	93.602,91	0,00	26.981,49

ENTIDAD		Ejercicio 2025					
Código	Denominación	Tipo contabilidad	Ingresos no financieros	Gastos no financieros	Ajustes propia entidad	Ajustes por operaciones internas	Capacidad/necesidad financiación
11-15-042-AA-000	Lousame	Limitativa	4.000.000,00	4.050.000,00	53.000,00	0,00	3.000,00
	TOTALES		4.000.000,00	4.050.000,00	53.000,00	0,00	3.000,00



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ENTIDAD		Ejercicio 2026					
Código	Denominación	Tipo contabilidad	Ingresos no financieros	Gastos no financieros	Ajustes propia entidad	Ajustes por operaciones internas	Capacidad/necesidad financiación
11-15-042-AA-000	Lousame	Limitativa	4.000.000,00	4.050.000,00	53.000,00	0,00	3.000,00
	TOTALES		4.000.000,00	4.050.000,00	53.000,00	0,00	3.000,00

2.2 Regra do Gasto:

Entidad				Ejercicio 2024		
Código	Gasto computable liquidación 2023	Tasa referencia 2024	Aumentos y disminuciones (art.12.4)	Límite regla gasto 2024	Gasto computable liquidación 2024	Cumplimiento/incumplimiento regla gasto
11-15-042-AA-000	1.796.523,14 €	1.843.232,74 €	0,00 €	1.843.232,74 €	2.327.507,93 €	-484.275,19 €

18

Entidad				Ejercicio 2025		
Código	Gasto computable liquidación 2024	Tasa referencia 2025	Aumentos y disminuciones (art.12.4)	Límite regla gasto 2025	Gasto computable liquidación 2025	Cumplimiento/incumplimiento regla gasto
11-15-042-AA-000	2.327.507,93 €	2.401.988,18€	0,00 €	2.401.988,18 €	2.400.900,00 €	1.088,18 €

Entidad				Ejercicio 2026		
Código	Gasto computable liquidación 2025	Tasa referencia 2026	Aumentos y disminuciones (art.12.4)	Límite regla gasto 2026	Gasto computable liquidación 2026	Cumplimiento/incumplimiento regla gasto
11-15-042-AA-000	2.400.900,00 €	2.480.129,70 €	0,00 €	2.480.129,70 €	2.479.000,00 €	1.129,70 €

3.- Medidas: Descripción, cuantificación e calendario.

Os datos anteriores, recollen as previsións de execución do orzamento de gastos e ingresos sen adoptar ningunha medida adicional cuantificable, salvo as xenéricas de:



- 1.- Planificar unha política de licitación que permita obter aforros nas prestacións de servizos e subministración que se contraten por este Concello.
- 2.- Compromiso de executar os investimentos programados de xeito que non se produzan desfases entre o gasto e a súa financiación, e o exercicio orzamentario ao que pertence o investimento
- 3.- Minorar ou suprimir os investimentos que se financian con préstamos públicos.
- 4.- Minoración da conta 4130 a 31 de decembro de cada exercicio orzamentario.

As causas do incumprimento da regra do gasto, están relacionadas fundamentalmente co:

- 1.- Obrigas financiadas con RLTGX ou RLTGFA
- 2.- Execución de investimentos financiados cun préstamo autonómico.
- 3.- Saldo na conta 4130 a 31/12/2024.
- 4.- Diminución do teito de gasto derivado da baixa execución orzamentaria no 2023
- 5.- Incremento de gasto computable, derivado de normas doutras AAPP (incremento retributivo no 2024)

Tampouco existe un déficit estrutural de necesidade de financiamento, xa que o Concello de Lousame, dende o exercicio 2023 está liquidando os seus orzamentos en situación de estabilidade orzamentaria.

Por esta razón, non se precisa adoptar ningunha medida correctora específica, salvo as xenéricas indicadas máis arriba, tendo este PEF unha natureza meramente explicativa, pero non correctiva.

4.- Conclusión e obxectivos.

Exercicio 2025				
Código	Denominación	Capacidad/necesidad financiación tendencial	Efecto medidas del PEF	Capacidad/necesidad financiación PEF
11-15-042-AA-000	Lousame	3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €
TOTAL: Objetivo del PEF:		3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Exercicio 2026				
Código	Denominación	Capacidad/necesidad financiación tendencial	Efecto medidas del PEF	Capacidad/necesidad financiación PEF
11-15-042-AA-000	Lousame	3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €
TOTAL: Objetivo del PEF:		3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €

Exercicio 2025				
Código	Denominación	Estimación de Gasto Computable a liquidación aplicadas las medidas del PEF	Límite Regla de Gasto del PEF	Cumplimiento / incumplimiento regla gasto PEF
11-15-042-AA-000	Lousame	2.400.900,00 €	2.401.988,18 €	1.088,18 €
TOTAL: Objetivo del PEF:		2.400.900,00 €	2.401.988,18 €	1.088,18 €

20

Exercicio 2026				
Código	Denominación	Estimación de Gasto Computable a liquidación aplicadas las medidas del PEF	Límite Regla de Gasto del PEF	Cumplimiento / incumplimiento regla gasto PEF
11-15-042-AA-000	Lousame	2.479.000,00 €	2.480.129,70 €	1.129,70 €
TOTAL: Objetivo del PEF:		2.479.000,00€	2.480.129,70 €	1.129,70 €

C. Resumo

A aprobación e execución do orzamento definitivo 2025 e 2026, deberá realizarse tendo en conta os obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e débeda pública marcados polo Goberno Estatal.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

No cumprimento do artigo 9.2 da Orde HAP 2015/2012, este plan remitirase ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da aplicación PEFEL habilitada na Oficina Virtual das entidades locais e darase conta da aprobación do mesmo á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, Xunta de Galicia.

Lousame, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa

M^a Teresa Villaverde Pais